CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Respectar as normas básicas do uso dos medios de transporte.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.</li> </ul>

Contidos
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
6	O paso do tempo.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente de forma guiada feitos da contorna social e cultural máis próxima. Coñecer os momentos do día e as horas.	PE	10
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira guiada para buscar información sobre os desertos: as dunas e os oasis.	TI	90
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade polo tempo atmosférico no deserto e a súa influencia nos animais e plantas que alí viven.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela e de forma guiada para realizar investigacións relacionadas coas estrelas e as constelacións.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos guiados sobre os tipos de paisaxe en relación a presenza de auga utilizando técnicas sinxelas de investigación .		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma democrática como parte de grupos próximos á súa contorna.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer de maneira guiada as principais características, a organización e as propiedades do deserto.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer de maneira guiada conexións sinxelas e directas entre elementos do deserto.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade pola desertización e os efectos no noso planeta.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes non sexistas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara o patrimonio natural e cultlural.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Aprender aspectos importantes das formas de vida do pasado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.</li> <li>- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.</li> <li>- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.</li> <li>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

A metodoloxía na área de Ciencias Sociais pon o seu enfoque no procedemental e experiencial co fin de que o alumnado comece a desenvolver a súa capacidade observadora, analítica, investigadora e crítica. Varios eixes fundamentais vertebran o estudo de Ciencias Sociais: o espazo e o medio onde viven e o tempo en que se producen os fenómenos e os feitos e o desenvolvemento das habilidades sociais e cidadás.

O paso do tempo é un concepto abstracto e difícil de assimilar a estas idades. Para facilitar a tarefa, podemos propoñerlles lembrar e ordenar temporalmente os acontecementos que sucederon nos nove meses lectivos para crear a propia historia do curso. É unha forma de achegamento moi intuitivo ao concepto de historia.

A representación gráfica do paso do tempo en liñas do tempo é unha ferramenta moi útil para comprender a sucesión de acontecementos e o concepto de pasado.

Ademais de comprender que as persoas cambian co paso do tempo, deben descubrir que tamén o fan as paisaxes, os obxectos, os costumes, as actividades. Para logralo, podemos ensinar na clase fotografías de obxectos do pasado e outras dos mesmos obxectos tal e como son nos nosos días (teléfono, televisión, coches, edificios). Comparar e comentar como foron cambiando e pedirles que sinalen as vantaxes e os inconvenientes que teñen eses cambios; deste xeito serán quen de recoñecer que algunhas transformacións teñen efectos positivos e outras, negativos.

Hai que facerlles ver que ninguén pode parar o tempo e que este está acompañado de cambios. Hai cambios que se

notan en poucos segundos, como cando estoupa un globo; outros necesitan dalgunhas horas, como a auga dunha poza que se evapora; e outros requiren o paso de moitos anos, como os restos da Prehistoria.

É importante que os alumnos e as alumnas sexan conscientes de que antes ca nós viviron os nosos devanceiros: pais, avós, bisavós, tataravós. Debemos transmitir-lles a idea de que nós vivimos así grazas ás achegas, innovacións e inventos que produciron todas as persoas que viviron antes ca nós.

Poden ver algúns cambios que ocorreron no tempo nos monumentos e construcións que se conservan na localidade.

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Predominarán estilos de ensino cognoscitivos, onde o alumnado é o protagonista do proceso.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto. Construindo mundos. Editorial Santillana.
Fichas.
Ordenador.
PDI
Material funxible.
Recursos bibliográficos tanto da biblioteca de aula como da biblioteca do centro.
Globo terráqueo.
Láminas e murais.
Kahoot.
Educaplay.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe. As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso ( 4 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás caracterísctas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	0	0	20	10	10	<b>6</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	80	90	90	<b>94</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

\* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

\* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para calificar ao alumnado.

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

### Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.



## 6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Cando nos atopemos con algún alumno/a que presente deficiencias que lle impidan seguir o ritmo da clase debemos telo en conta e tratar de que leve o seu propio ritmo e nos exercicios nos que non poida participar presentar a situación como algo normal e implicar ó resto do alumnado para que a clase discurra con normalidade.

Nalgúns casos bastará cun maior apoio e atención por parte do mestre dentro da aula ou mesmo por parte dalgún alumno/a máis avezado na materia que lle poida servir de guía ou axuda.

Será necesario:

Manter una actitude positiva cara a eles.

Empregar estratexias motivadoras próximas aos intereses do alumnado.

Procurar relación espontáneas e fluidas.

Combinar agrupamentos homoxéneos e heteroxéneos, actuando intencionalmente na constitución, organización flexible.

Fomentar o traballo cooperativo e participativo.

Organizar e distribuir os espazos e tempos respectando as necesidades de cada momento.

Seleccionar os recursos didácticos máis axeitados en cada caso.

Potenciar actitudes de respecto, tolerancia e comprensión das peculiaridades de cada quen.

Adoptar una metodoloxía flexible que favoreza a aprendizaxe tendo en conta a diversidade.

Fomentar actitudes de sociabilidade e socialización, traballo cooperativo e participativo con exercicios motivadores e reforzos positivos.

Adaptar os tempos na realización de tarefas en función das distintas necesidades dos alumnos/as.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento.			X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a Paz e prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.				X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde.			X			
ET.10 - Educación emocional en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Orientación educativa e acción titorial.	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sostible, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais.	Visitas a museos ,exposicións, planetarios,castros...	X	X	X
Charlas formativas.	A cargo de familias,profesionais de diferentes ámbitos laborais ou outras institucións.	X	X	X
Obradoiros.	Sobre xestión de emocións,sobre a importnacia da auga,sobre a desertización, o desxeo...	X	X	X
Conmemoracións.	Día Mundial da Saúde, Día do medio ambiente, Día dos dereitos do consumidor, Día internacional da muller...	X	X	X

#### Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

Como actividades extraescolares e complementarias para o desenvolvemento do currículo, selecciónanse e propóñense una serie de actividades tendo en conta as programacións didácticas das distintas áreas e os contidos que se traballarán nelas e con iso inténtase promover a educación medio-ambiental, a cultura do ocio, o fomento da creatividade.

Entre outras levaráanse a cabo as seguintes actividades:

Participación en celebracións como: o día da Constitución, día do libro, día das Letras Galegas, Semana da Prensa, día da Paz, día dos dereitos do neno, día da árbore...

¿ Festividades como: o magosto, o festival de nadal, o entroido, o Samaín, o festival de fin de curso?

¿ Participación en excursións, saídas a museos, cine, teatro?

¿ Participación en talleres ofertados polo concello ou outros organismos ,relacionados con aspectos ambientais, de convivencia, do estudo do contorno.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das UD.
Existe unha distribución temporal equilibrada.
O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.
Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).
Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe
Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: ¿
As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
<b>Metodoloxía empregada</b>
A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.
Actividades adecuadas.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.

Medidas de atención á diversidade
Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.
Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
Outros
Grao de seguimento dos alumnos.

#### **Descrición:**

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

### **9. Outros apartados**